

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FUNDACIÓN UNICEF-COMITÉ ESPAÑOL A TRAVÉS DE UNICEF COMITÉ AUTONÓMICO DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DOS DEREITOS DA INFANCIA E A CIDADANÍA GLOBAL NOS CENTROS EDUCATIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

En Santiago de Compostela, a 15 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. **CARMEN POMAR TOJO**, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante a consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 96/2018, do 26 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o DECRETO 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estructura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Da outra, Dna. **MYRIAM GARABITO COCIÑA**, presidenta de UNICEF Comité Autonómico de Galicia en calidade de presidenta autonómica, según consta no certificado de nomeamento de cargos directivos expedido o 23 de xaneiro de 2016 e con facultades representativas conferidas en virtude da escritura pública outorgada ante o notario D. Jaime Recarte Casanova, o día 21 de novembro de 2007, co número 4130 do seu protocolo.

EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
2. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que exixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como



coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

3. Que a consellería, en desenvolvemento dun modelo educativo de calidade, ten a responsabilidade de promover actuacións compensadoras dirixidas a garantir o principio de igualdade de oportunidades na educación, a promover a educación en valores como forma de garantir a súa presenza ao longo de toda a vida educativa, tales como o respecto aos principios democráticos, aos dereitos e deberes cidadáns e ás liberdades fundamentais e a apoiar os procesos de maduración e socialización das persoas na súa infancia e xuventude, co fin de capacitarlas para exercer como cidadáns e cidadás nunha sociedade democrática.

4. Que a consellería vén estimulando o funcionamento dos centros docentes como comunidades de aprendizaxe, capaces de implicar á comunidade educativa no desenvolvemento de proxectos educativos nos centros orientados polos valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diferenza e interculturalidade.

5. Que a consellería demostra o seu firme convencemento sobre a importancia da promoción da cidadanía global, tendo en conta as interaccións que hai entre as diferentes partes do mundo e as conexións entre os asuntos sociais, económicos, políticos e ambientais.


6. Que UNICEF-Comité Español a través de UNICEF Comité Autonómico de Galicia, é unha entidade se ánimo de lucro que ten entre outros como fins:

a. Cumprir, promover e defender, en todo momento, a observancia e aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno do 20 de Novembro de 1989 a fin de que os dereitos da infancia sexan unha realidade social universal, converténdose en principios éticos permanentes e en normas de conduta internacional.

b. Concienciar e sensibilizar á sociedade española sobre a necesidade de que se cumpla a Convención dos Dereitos do Neno do 20 de Novembro de 1989, denunciando ós Patróns, ante o Comité Español, os feitos e abusos que se produzcan contra os mesmos.

c. Cumprir e desenvolver, en todo momento, os mandatos, obxectivos e fins que se sinalen á Fundación polo UNICEF, así como as instrucións, os programas e as políticas aprobadas por la Xunta Executiva e a Dirección Executiva do UNICEF, difundindo, no noso País, as actividades desta Organización.

d. Contribuír ao financiamento de actividades, programas e fins de UNICEF, remitindo á dita Organización de conformidade co Acordo de Reconecemento e Cooperación subscrito coa devandita Organización os fondos dispoñibles obtidos en España.



- e. O desenvolvemento en España de actividades e programas de promoción e sensibilización e de seguimento da Convención dos Dereitos da Infancia.
- f. Estimular a incorporación de Colaboradores Voluntarios idóneos, que traballen desinteresadamente nas tarefas da Fundación.
- g. Alentar os sentimientos de paz, solidariedade internacional e cooperación entre os homes e mulleres, nenos e nenas do mundo, sen distinción de raza, credo e nacionalidade ou calquera outra circunstancia.

7. Que, pola súa banda, UNICEF-Comité Español a través de UNICEF Comité Autonómico de Galicia, vén traballando mundialmente na creación de proxectos pedagógicos que promoven nos nenos, nenas, mozos e mozas, valores solidarios xunto ao desenvolvemento do espírito crítico e a adquisición de destrezas adecuadas para comprender o mundo e comprometerse cos cambios que este necesita.

8. Que UNICEF-Comité Español a través de UNICEF Comité Autonómico de Galicia, define a educación en dereitos de infancia e cidadanía global como un proceso que "fomenta o desenvolvemento en nenos, nenas, mozos e mozas, de actitudes e valores tales como a solidariedade a nivel mundial, a paz, a tolerancia, a xustiza social e a toma de conciencia respecto de cuestiós ambientais e que dota a eses grupos dos coñecementos e aptitudes que lles permitan promover eses valores e xerar cambios nas súas propias vidas e nas da súa comunidade, tanto a escala local como global".

9. Que UNICEF-Comité Español a través de UNICEF Comité Autonómico de Galicia no marco do convenio Nº 14-CO1-528 coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, promove a colaboración coas administracións públicas para promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español.

En consecuencia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e UNICEF-Comité Español a través de UNICEF Comité Autonómico de Galicia acordan subscribir este convenio conforme as seguintes :

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e UNICEF-Comité Español a través de UNICEF

Comité Autonómico de Galicia, para a promoción e difusión dos dereitos da infancia e dos cidadáns nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. Obrigas das partes.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e UNICEF-Comité Español a través de UNICEF Comité Autonómico de Galicia propoñerán, de mutuo acordo e concretarán ao inicio do curso escolar as achegas que estimen necesarias para o desenvolvemento das accións convxuntas.

A consellería comprométese a:

- a. Asesorar aos centros para o desenvolvemento de programas de aprendizaxe e servizo a través de iniciativas solidarias e de voluntariado, nos programas e iniciativas que leve a cabo esta consellería en aspectos como a saúde, o medioambiente, o patrimonio cultural, a cooperación internacional, a axuda ás persoas máis necesitadas e especialmente, nos casos de nenos e nenas en desventaxe pola súa situación social, económica, familiar ou condición de discapacidade, mellorando a calidade e favorecendo a accesibilidade aos ditos servizos.
- b. Facilitar a adhesión dos centros a programas de cooperación con institucións e entidades en materia de seguridade, saúde, mediambiente, e infancia que garantan o coñecemento da Convención dos Dereitos do Neno.
- c. Promover a formación do profesorado en dereitos da infancia e cidadanía global.
- d. Promover no sistema educativo a participación infantil e familiar e da comunidade educativa no seu conxunto, poñendo en marcha novas fórmulas e espazos de participación e diálogo entre todos os sectores implicados na educación.
- e. Colaborar na sensibilización de campañas informativas e formativas dirixidas a toda a sociedade, encamiñadas a poñer en valor a importancia da educación como base para a inclusión social.
- f. Colaborar co Consello Escolar da Comunidade Autónoma de Galega en iniciativas e actividades sobre Dereitos da Infancia que propicien o intercambio de boas prácticas en materia educativa.
- g. Incluir e promover dentro do calendario escolar a celebración, nos centros educativos, do 20 de novembro como "Día Universal da Infancia".
- h. Informar aos centros educativos de Galicia da colaboración con UNICEF-Comité Español a través do seu Comité Autonómico de Galicia e comunicar, polos medios que se estimen, a dispoñibilidade

de recursos educativos e dunha metodoloxía de autoavalía en Educación en Dereitos de Infancia disponible na web de UNICEF Comité Español (www.unicef.es/gal/educa).

UNICEF-Comité Español a través de UNICEF Comité Galicia comprométese a:

- a. Facilitar gratuitamente o acceso aos materiais educativos do proxecto a todos os centros educativos interesados que se rexistren a través da web de UNICEF www.unicef.es/educa.
- b. Poñer a disposición dos centros educativos os materiais de autoavalía institucional sobre dereitos de infancia e cidadanía global.
- c. Facilitarles aos centros educativos as convocatorias de formación do profesorado que UNICEF Comité Español organiza sobre educación en Dereitos da infancia e da cidadanía.
- d. Lanzar cada curso unha convocatoria a centros educativos para recoñecelos como referentes en Educación en Dereitos de Infancia según o seu propio criterio.
- e. Informar a través das súas propias canles de comunicación da sinatura deste convenio de colaboración.

Terceira. Financiamento

Este convenio non leva consigo aparelladas abrigas económicas para ningunha das partes.

Cuarta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal de UNICEF-Comité Español a través do seu Comité Autonómico de Galicia e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Quinta. Comisión de seguimiento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.



2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

- a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
- b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.
- c) Elaborar un informe anual sobre o funcionamento do convenio.
- d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas partes.

Sexta. Interpretación do convenio

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.


Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Sétima. Protección de datos e confidencialidade

Ambas as partes comprométense a cumplir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende do Real decreto-lei 5/2018, do 27 de xullo, de medidas urgentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos, do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Octava. Transparencia

As partes asinantes deberán cumplir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.




Novena. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2018/19, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Este convenio poderase prorrogar, por sucesivos cursos escolares, e o seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrpción do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 50 da “Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”, a vixencia máxima do convenio non poderá superar 4 cursos escolares.

Lido o convenio no lugar e data indicados no encabezamento, atópano conforme, polo que o asinan en triplicado exemplar.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL,	POR UNICEF COMITÉ-ESPAÑOL A TRAVÉS DO SEU COMITÉ AUTONÓMICO DE GALICIA,
A CONSELLEIRA,	A PRESIDENTA,
	
Carmen Pomar Tojo	Myriam Garabito Cociña